

Embaixadoras Wom@rts

Eva Dolar Bahovec. Nada 1951 en Liubliana (Eslovenia), é catedrático do Departamento de Filosofía na Facultade de Artes da Universidade de Liubliana, onde imparte diferentes materias entre as que se inclúen os Estudos da Muller. Canda Slavoj Žižek, Rastko Močnik, Mladen Dolar e Alenka Zupančič, é un dos membros máis destacados da Escola Lacaniana de pensamento en Psicoanálise Teórica de Liubliana.

Eva D. Bahovec escribiu unha introdución para a tradución en esloveno do libro *O Segundo Sexo*, de Simone de Beauvoir. Dende entón, converteuse nunha das embaixadoras deste volume do que fixo múltiples lecturas e revisións críticas. Unha delas, é a titulada *Beauvoir for Everyone and No-one* (*Beauvoir para todos e ninguén*) onde explora como esta autora capital introduciu un novo concepto filosófico de enorme importancia para o entendemento do noso tempo: o concepto da muller definida en relación ao home e sempre nunha posición inferior a este.

Lauren Bastide. Nada en Orleans (Francia) en 1980, foi editora xefe da revista *Elle* no seu país e co-presentou un dos talk-shows máis populares do prime-time en Canal +. O ano pasado fundou *Nouvelles Ecoutes* (*Novas Maneiras de escoitar*) unha compañía produtora de podcast. Nela conduce o seu propio programa online, *La Poudre* (*O Poder*), no que entrevista a mulleres exitosas para que compartan a súa experiencia e as súas ideas sobre a sociedade. Nos últimos anos, Bastide converteuse nunha das figuras feministas máis destacadas de Francia, chegando a centos de miles de persoas a través dos seus podcast e redes sociais. É unha presenza regular na meirande parte dos medios franceses, onde procura incrementar o coñecemento da perspectiva feminista por parte do público xeral e facer un chamamento aos poderes políticos para que se impliquen con medidas visibles.

Laura Bates. Nada en 1986 en Oxford (Reino Unido), é a fundadora do Everyday Sexism Project, unha colección crecente de testemuños sobre a desigualdade de xénero que xa supera as 100.000 intervencións. O proxecto expandiuse por máis de 20 países arredor do mundo e foi internacionalmente recoñecido con impactos en publicacións ben diversas, que van dende o *New York Times* dos EUA ao *Times* da India.

Bates escribe regularmente para *The Guardian*, *TIME Magazine*, *Independent*, *Grazia*, *Red Magazine* e outros medios e recolleu o premio Georgina Henry nos British Press Awards de 2015. O seu primeiro libro, *Everyday Sexism*, foi listado entre os mellores libros do ano por Waterstones e os Political Book Awards Polemic of the Year. O seu último volume, *the Sunday Times Bestseller Girl Up*, foi publicado por Simon and Schuster en 2016.

Colabora estreitamente con responsables políticos, escolas e universidades de todo o mundo, e tamén con corpos e institucións internacionais como o Consello Europeo, na loita contra a desigualdade de xénero. Tamén é unha das colaboradoras de Women Under Siege, unha organización con base en Nova York que loita contra o uso da violencia como ferramenta bélica nas zonas de conflito.

Bates foi premiada cunha Medalla do Imperio Británico na Queen's Birthday Honours List de 2015, e nomeada Muller do Ano por *The Sunday Times*, *Cosmopolitan*, e *Red Magazine* para alén doutros recoñecementos.

Isabel Coixet. Nada en 1960 en Barcelona, Coixet comezou a súa carreira fílmica cando recibiu unha cámara de 8mm como agasallo pola súa primeira comunión. Logo de se licenciar en Historia na Universidade de Barcelona, cunha especialidade na historia dos séculos XVIII e XIX, comezou a traballar como guionista de publicidade. En 1998 debuta como guionista e directora de cinema en *Demasiado viejo para morir joven*, película pola que recibe o Goya á Mellor Dirección Novel. No ano 2000 crea a súa propia produtora, Miss Wasabi Films.

O éxito internacional chégalle co drama intimista *My life without me* (Mi vida sin mi, 2003), baseado nun relato curto de Nancy Kincaid. A película colleita catro premios Goya: Mellor Guión, Mellor Filme, Mellor Produción e Mellor Dirección.

En 2005, Coixet súmase a outros dezaioito grandes directores internacionais como Gus Van Sant, Walter Salles e Joel e Ethan Cohen, na realización do proxecto colectivo *Paris, je t'aime*, no que cada cineasta exploraba un distrito de París. Dende entón produciu diversos filmes que afondaron no recoñecemento internacionais e nos que participaron estrelas da interpretación como Juliette Binoche, Rinko Kikuchi ou Gabriel Byrne. O seu filme máis recente, *The Bookshop*, estreado en 2017 e baseado nunha novela de Penelope Fitzgerald, gañou os premios á Mellor Película, Mellor Dirección e Mellor Guión Adaptado da 32ª Edición dos Goya.

Paul Daniel. Nado en Birmingham (Reino Unido) en 1958, Paul Daniel é un director de orquestra e músico británico. Logo dunha longa carreira como mestre de formacións de sona mundial como a Opera Factory, a Opera North, a English National Opera (ENO) ou a West Australian Symphony Orchestra, (WASO), en xaneiro de 2012 converteuse en Director Principal e Director Artístico da Real Filharmonía de Galicia e foi nomeado Director Musical da Orchestre National Bordeaux Aquitaine (ONBA) en xullo do mesmo ano. Ao tempo, exerceu e exerce como director convidado de destacadas orquestras e compañías operísticas en diferentes lugares do mundo.

En febreiro de 1998, Paul Daniel foi honrado co Olivier Award polos seus excepcionais éxitos na ópera e en 1999 recibiu o Gramophone Award polas series de música inglesa en Naxos Records. Daniel foi tamén premiado Commander of the Most Excellent Order of the British Empire (CBE) na 2000 New Year's Honours list.

Mira Furlan. Nada en 1960 en Zagreb (hoxe Croacia), esta actriz protagonista de cinema, teatro e televisión da antiga Iugoslavia emigrou aos EUA ao comezo da guerra por motivos políticos. No seu país natal protagonizou máis de 40 películas, incluído o filme *When Father Was Away on Business*, de E. Kusturica, premiado coa Palma de Ouro en Cannes. Integrante do Teatro Nacional de Croacia, con múltiples actuacións nos escenarios de todo o país, Furlan recibiu múltiples galardóns polos seus traballos nas áreas teatral e cinematográfica.

Nos EUA, é máis coñecida pola súa aparición en series televisivas como *Babylon 5* e *Lost*, pero tamén realizou interpretacións teatrais. Recentemente, interpretou papeis na serie de Amazon TV *Just Add Magic* e no filme *Burn at Both Ends*.

Logo de 10 anos fóra do seu país, Furlan volveu á súa Croacia natal para asumir o papel central de *Medea* no Teatro Ulysses, e protagonizou tamén outras producións como a adaptación da novela *Cassandra* de Christa Wolf e a adaptación da *Sonata de Outono* de Ingmar Bergman no Teatro Nacional de Croacia en Rijeka. Ademais, protagonizou o oscarizado filme, *Circus Columbia*, de Danis Tanovic, e tomo parte en varias películas europeas.

Na actualidade, imparte clases no Departamento de Artes Liberais e Ciencias da New York Film Academy en Los Angeles e trata de formar aos seus estudantes en cuestións relacionadas co fascismo e, máis importante, co anti-fascismo.

Luna Miguel. Nada en 1990 en Madrid, é editora xefe da sección de literatura de *PlayGround Magazine*. Destácase pola promoción de escritoras mulleres a través revista e por medio dunha sección especial do seu instagram denominada #loslibrosdeluna, onde comparte cos seus 18 mil seguidores recomendacións literarias. Tamén dirixe un club de lectura co mesmo nome. Luna Miguel escribe para diferentes revistas e xornais como *El Cultural*, *Jot Down*, *Babelia* e *Nylon* e foi asistente editorial en Literatura Mondadori. En 2019, será canda Antonio J. Rodríguez, a editora de Caballo de Troya, a editorial española de Penguin Random House orientada a descubrir novas voces da escrita. Como escritora, Luna Miguel é autora de seis libros de poesía e do ensaio *El dedo. Breves apuntes sobre la masturbación femenina*. A súa primeira novela, *El funeral de Lolita* será publicada en 2018.

Mercedes Peón. Nada en Oza dos Ríos en 1957, Mercedes Peón é unha compositora, músico, vocalista, directora, profesora e investigadora galega considerada unha das mulleres máis carismáticas do circuíto musical actual. Con 13 anos, a escoita dos cantos das mulleres da Costa

da Morte serviulle de estímulo para unha vida dedicada ao coñecemento, arquivo e difusión dos sons, danzas, historias e experiencias do pobo galego.

Logo de afondar na tradición galega por máis de 25 anos, Peón gravou en 2001 o seu primeiro álbum, *Isué*. A través das súas intervencións públicas, carga contra visións reducionistas e polarizadas do xénero, e cuestiona a fantasía da aceptación pola que os comportamentos vencellados ao sexo son arbitrariamente impostos e asumidos.

O seu amplo repertorio, a forza, o discurso e a enerxía coa que realiza cada unha das súas actuacións fan dela unha aposta segura pola continuidade da escena etno-contemporánea en Europa.

Christina Rosendahl. Nada en 1971 Nykøbing Falster (Dinamarca), estudou Historia da Literatura Comparada e Estudos Fílmicos e dos Medios na Universidade de Copenhague antes de se graduar na escola alternativa de cinema School Super16 en 2002. Dende o seu filme debut *Stargazer*, Rosendahl converteuse en responsable do Danish Film Directors Guild en 2014, e é unha voz ben activa no debate arredor do cinema, especialmente no que atende a cuestións de xénero. A súa película de ficción máis recente, *The Idealist* valeulle o premio á Mellor Dirección no Beijing Film Festival e a candidatura ao Mellor Filme Danés nos Premios Bodil de 2016. Os seus traballos parten da necesidade de crear filmes engaiolantes e disruptivos sobre os asuntos cotiás da sociedade danesa. O seu último documental, *Violently in Love*, estreado en 2018, comparte a historia das mulleres que viven tralas portas dos refuxio de donas de Copenhague, onde mulleres e rapaces recuperan e reconstrúen paso a paso as súas vidas tras experiencias de abuso e violencia doméstica.

